

12. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)

Esta composición está elaborada sobre unha feita por Paula Méndez Chacón.

Os seguintes documentos permítennos elaborar unha composición de texto histórico sobre o nacemento e evolución do movemento obreiro no século XIX.

A consolidación do liberalismo en España durante as décadas iniciais do século XIX levou á fin da sociedade estamental. A burguesía eliminou os obstáculos que se opoñían ao seu enriquecemento e accedeu ao poder político. O proletariado desenvolveuse parello á industrialización, eran traballadores procedentes dos campos e dos talleres artesáns arruinados pola presenza das máquinas. O campesinado seguiu sendo o grupo máis numeroso, sufrindo as consecuencias negativas das medidas de transformación do réxime de propiedade levadas a cabo polos liberais.

Os principios liberais de liberdade de contratación e salarios, o interese da burguesía de obter os máximos beneficios e a falta de regulamentación laboral, fixeron que os traballadores industriais estivesen sometidos a duras condicións de traballo como as longas xornadas, os baixos salarios, a ausencia de dereitos e o sometemento ao ritmo das máquinas. Ademais, na agricultura, fábricas e minas, o emprego da man de obra infantil e feminina foi moi abundante, pois o menor salario que recibían animou á súa contratación por uns patróns ávidos de obter beneficios. Ante estes abusos, o proletariado viu necesario organizarse para reivindicar melloras salariais e laborais. Este fenómeno coñécese como movemento obreiro. Nacen así sociedades de resistencia e sindicatos por oficios. No 1844, o goberno moderado prohibe o dereito de asociación, para ser aprobado polo Bienio progresista no 1855 e logo prohibido de novo agás no sexenio. A partir de 1887 foi aprobado definitivamente pola Lei de asociacións de Sagasta.

O movemento obreiro desenvólvese en dúas fases. A primeira, que coincide coa primeira metade do século XIX é de carácter reformista. Os obreiros utilizaban a folga como instrumento de presión. Cómpre diferenciar dous tipos: folga sectorial (dun sector productivo) e folga xeral (todos os sectores dunha cidade ou estado). As primeiras protestas foron de carácter ludista, implicando a destrución de maquinaria e das fábricas, como o incendio da fábrica de Bonaplata en 1835 que sería a primeira en introducir a máquina de vapor en España.

Na segunda metade do século as reivindicacións adquiren un carácter revolucionario, debido á eclosión de ideoloxías como o Marxismo e o anarquismo. Estas penetran en España grazas ao artigo 17 da Constitución de 1869, sendo introducidos por Lafargue e Fanelli respectivamente. Ambos idearios abogan pola abolición da propiedade privada dos medios de produción, co obxectivo de alcanzar a completa igualdade. Isto destruíría o sistema capitalista, debido á que sería a fin da sociedade de clases, o que levou á unha gran reacción de oposición por parte da burguesía que artellaría o sistema da quenda na Restauración borbónica.

A principal diferenza entre ambas ideoloxías é o método usado para chegar a ese obxectivo. O anarquismo creía necesaria a destrución do Estado e a eliminación de calquera tipo de autoridade. A nova sociedade anarquista debía organizarse en comunas autónomas, gobernadas en réxime de autoxestión, onde a autoridade fose substituída por acordos libres e pactos solidarios entre os seus habitantes, todos eles copropietarios dos medios de produción e a transformación debía ser levada a cabo polos campesiños. Os anarquistas desconfiaban da eficacia da loita política para transformar a sociedade e por iso practicaron a abstención e o retraemento electoral. Como vía de loita propuxeron diversos medios como a folga xeral revolucionaria, a creación de sindicatos, a formación de

12. O movemento obreiro (Sexenio Democrático e Restauración)

Esta composición está elaborada sobre unha feita por Paula Méndez Chacón.

organizacións clandestinas e o emprego da violencia e o atentado (propaganda pola acción, Man Negra), o que xerou discrepancias entre eles. Triunfou sobre todo entre os xornaleiros

Pola contra, o marxismo creía na loita de clases e que o medio máis eficaz para conseguir a modificación da sociedade era a revolución levada a cabo polo proletariado, organizado en sindicatos e partidos políticos obreiros e os traballadores debían conquistar o poder e utilizar o Estado como instrumento de nivelación social. Unha vez conquistado o poder debería instaurarse a ditadura do proletariado na que se expropiaban a propiedade privada dos medios de produción que debían pasar ao Estado. Lograda a colectivización e socialización dos medios de produción, todos os individuos deberían ter iguais condicións de vida na nova sociedade socialista. Máis adiante formaríase o socialismo no que sen desbotar a posibilidade da revolución se incluía a posibilidade de participar no parlamentarismo burgués con obxectivos reformistas, no so revolucionarios.

Estas ideoloxías penetran e se espallan grazas ao artigo 17 da Constitución de 1869 no Sexenio democrático e fúndase a Federación Rexional Española da Asociación Internacional de Traballadores (FRE da AIT), pola necesidade obreira de organizarse a nivel internacional. O Partido Socialista Obreiro Español fúndase clandestinamente en 1879, e durante a quenda longa de Sagasta faise oficial en 1887 coa Lei de Asociacións, dirixido por Pablo Iglesias. A Unión Xeral de Traballadores (UXT), sindicato afín a este partido foi constituída no 1888. Pablo Iglesias consegue converterse no primeiro deputado socialista en 1910 a raíz da coalición republicano-socialista nada a partir da Semana trágica. Este feito representa a primeira fisura no sistema turnista, debido a que o voto urbano non podía ser xa controlado. Durante o trienio bolchevique fórmase en 1921 o Partido Comunista Español.

Tras a Semana Trágica de Barcelona, fúndase o sindicato anarquista Confederación Nacional do Traballo (CNT) no 1910, que xunto á UXT organizarán a folga xeral revolucionaria de 1917 que pretendía rematar co turnismo, instigados polo triunfo da revolución rusa de febreiro. En 1927 debido á opresión de Primo de Rivera fundouse a Federación Anarquista Ibérica (FAI). Xunto á CNT, PC e os membros do PSOE que seguen a Largo Caballero, se oporán ao réxime ditatorial. Mentres, UXT e o PSOE con Indalecio Prieto adoptarán unha actitude posibilista.

En Galicia existe un movemento campesiño para a redención dos foros coñecido como agrarismo. No 1910 fúndase a asociación agrarista Acción Galega, dirixida por Basilio Álvarez e que pide a redención dos foros, a eliminación do caciquismo, potenciar as vías de comunicación interior e exterior, fomentar a industria, establecer cooperativas agrícolas e bancos de labregos e non aceptar como deputados galegos máis que os que defendesen as aspiracións agrarias (tamén destaca neste eido Solidaridad gallega en 1907). A redención de foros conséguese no 1927 por Primo de Rivera.

Como conclusión, podemos afirmar que as reivindicacións de tipo revolucionario fracasaron, pero permitiron o triunfo de moitas reivindicacións reformistas, establecidas a modo de concesión para reducir as protestas. Así, conseguíronse melloras en todos os ámbitos para os traballadores.